



981 669 541

info@marinasbetanzos.org
marinasbetanzos.gal

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo foi declarada pola UNESCO o 28 de maio do 2013. A candidatura, promovida pola Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos, contou co apoio da Deputación Provincial da Coruña, a Xunta de Galicia, os dezasete Concellos que a conforman, así como diversas asociacións, Universidades ou organizacións empresariais e de traballadores.

Este espazo natural abrangue un total de 116.724 ha, que representan o 14,33% da superficie da provincia da Coruña, repartidas entre 17 concellos. Os seus obxectivos fundamentais son:

- A conservación da diversidade natural e cultural.
- O desenvolvemento social e económico respectuoso.
- O bo uso dos recursos naturais, culturais e sociais.
- Fomentar a participación cidadá e a formación.
- Incentivar e potenciar o turismo sustentable.
- Situar o territorio no mapa mundial e darlle prestixio.

Grupo Naturalista
Hábitat

981 135 014 / habitat@gnhabitat.org / www.gnhabitat.org

Asociación sen ánimo de lucro e politicamente independente, que dende 1979 ven realizando estudos sobre o medio natural galego, xunto con campañas de divulgación dos valores ambientais. Dende os seus inicios, Hábitat sempre foi fiel a unha consigna básica: traballar polo estudo e a conservación dos espazos naturais e da biodiversidade de Galicia, cun enfoque naturalista e baixo criterios científicos.

Máis información

Iniciativa Especie do Ano na Reserva de Biosfera

Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo:

gnhabitat.org/especies-do-ano/



Participa!

A denominada *Ciencia Cidadá* aglutina aquelas iniciativas dirixidas á investigación científica, que incorporan como protagonistas de excepción aos membros da sociedade (expertos e público en xeral), a prol da construción colaborativa do coñecemento. Deste xeito os cidadáns convértense en actores esenciais, contribuíndo activamente a lograr un maior e mellor coñecemento do mundo que nos rodea, grazas aos esforzos que invisten e á información que aportan. Neste sentido, poderás axudar a ampliar o coñecemento sobre a **Píntega** (*Salamandra salamandra*) en Galicia en xeral, e no territorio da Reserva de Biosfera *Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo* en particular, rexistrando as citas de exemplares que atopes atropelados na rede viaria a través do formulario dispoñible na páxina web **gnhabitat.org**

A iniciativa Especie do Ano integra tamén a realización dunha xornada divulgativa aberta ao público, onde expertos na materia nos permitirán coñecer polo miúdo á protagonista neste 2021. Así mesmo, convocatoria tras convocatoria, as correspondentes Especies do Ano declaradas son igualmente obxecto de traballo no marco do Programa de Educación Ambiental da Reserva de Biosfera *Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*.

Promove



Píntega

Salamandra salamandra



S.s.bernardezi © Rafa Vázquez

Especie do ano 2021 na Reserva de
Biosfera Mariñas Coruñesas e
Terras do Mandeo

A especie

A salamandra, píntega, pezoia, pezoña ou sapagueira, é un dos anfibios máis vencellados ás nosas raíces culturais. Dende o seu poder mitolóxico de sair do lume (lenda xurdida, probablemente, de animais agochados en troncos que se botaban á lareira), ata a estampa dunha noite de choiva coa lanterna na man, os ollos percorrendo o chan dunha corredoira para evitar tropezar coas pedras no camiño de volta a casa, e albiscando ducias de píntegus que saen buscar parella, coa crenza de que respirar o seu “aire” pode levarnos á morte, e totalas equivale a perder a man. Hoxe sabemos que o aire e a pezoña da píntega son secrecións defensivas que, unidas ao seu rechamante deseño negro e amarelo, buscan quedar na memoria dos posibles predadores coma lembranza dun bocado pouco apetecible. De feito, a súa “perigosidade” limitase ás miñocas e outros pequenos animais dos que se alimenta.


A píntega é un anfibio peculiar, moito máis terrestre que acuático. Tanto é así que realiza os apareamentos en terra, durante as noites de outono, cando a femia recolle -se o acepta- o espermatóforo no que o macho gardou a súa información xenética. A fase de ovo tampouco transcorre na auga, e nalgunhas poboacións extraordinarias (das que en Galicia temos alomenos dúas) nin sequera as larvas son acuáticas, desenvolvéndose dentro da nai ata que completan a metamorfose. No resto de poboacións as femias, no inverno, liberan entre 30 e 40 larvas en charcas e regatos ben oxixenados, nos que permanecerán predando sobre pequenos invertebrados ata metamorfosear na primavera seguinte.

Distribución

A salamandra común presenta unha ampla distribución a nivel global. De oeste a leste chega dende Finisterre ata Irán, namentres de norte a sur abrangue dende as rexións máis setentrionais de Alemaña ata Marrocos. Na Península Ibérica a súa distribución é practicamente continua nas franxas cantábrica e atlántica, con presenza tamén en zonas montañosas do interior. Pola contra, atópase ausente -ou é moi escasa- nas zonas baixas mediterráneas.

Ao longo do seu amplo territorio atopamos salamandras moi diferentes. Como resultado, existen hoxe día numerosas *subespecies*, descritas en principio en base a diferenzas anatómicas e de coloración. O avance do coñecemento científico permitiu establecer as relacións e a historia evolutiva destas variantes, elevándoas nalgúns casos á categoría de *especie*.

En Galicia contamos cunha variabilidade considerable. Entre elas as robustas e avermelladas *S.s.gallaica*, cun deseño “manchado”, no centro e sur da rexión. E as máis esveltas *S.s.bernardezi*, no norte, con dúas vistosas franxas amarelas percorrendo o negro dorso do animal.




Distribución da píntega en Galicia. Autor: Martiño Cabana Otero (mapa elaborado no marco do desenvolvemento do Atlas e Libro Vermello dos anfibios e réptiles de Galicia). Cuadrículas punteadas en negro → presenza da especie.

Hábitat

Como non podería ser doutro xeito, este animal tan ligado á nosa memoria cultural atopa o seu hábitat ideal nas fragas e soutos ben conservados. Así e todo, ocupa tamén outros medios, tales como cultivos ou áreas de matogueira e turbeiras.

Na maioría das súas poboacións precisa da existencia de cursos de auga lentos, ou de charcas nas que as femias podan deixar ás súas crías acuáticas.



Ameazas

A diminución dos principais hábitats ocupados por esta especie (eliminación de fragas por eucaliptización, ou desaparición de prados e cultivos polo abandono das tarefas agrícolas e gandeiras tradicionais), unido á alteración ou redución das súas zonas de reprodución (a causa da canalización de cursos de auga, recheos de charcas, destrución de turbeiras, entre outras), cóntanse entre as principais ameazas para a píntega. Os atropelos na rede viaria e a presenza de especies exóticas invasoras poden ser factores que afecten tamén negativamente na conservación das súas poboacións.